



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO E INSTALACIÓN DE MEGAFONÍA NO SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CRECENTE

I. Departamento que tramita o convenio.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119 do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126 do 4 de xullo).

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Crecente para a adquisición de mobiliario e instalación de megafonía no salón de plenos da casa consistorial.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.





III. Finalidade.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Crecente o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Crecente para a adquisición de mobiliario e instalación de megafonía no salón de plenos da casa consistorial do Concello de Crecente, cun orzamento total de trinta mil euros (30.000 €), IVE incluído, e coas características técnicas que se especifican como anexo I ao convenio, do cal forma parte.

V. Fundamentos do convenio.

O Concello de Crecente manifestou a necesidade de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para renovar o mobiliario do salón de plenos da casa consistorial, así como instalar un sistema de megafonía.

A casa do concello de Crecente atópase situada no núcleo urbano de Crecente. No edificio, ademais do salón de plenos, atópanse a maioría das dependencias municipais e servizos técnicos, así como a Alcaldía.

O salón de plenos localízase na planta baixa do edificio, con acceso directo dende a rúa. O devandito salón foi rehabilitado, ó igual que o resto do edificio, hai máis de dúas décadas, do mesmo xeito que o seu mobiliario, consistente en varias mesas, cadeiras e cadeiras de brazos. Debido ó seu uso continuado ó longo de tantos anos, as cadeiras necesitan arranxos de forma frecuente e, nalgúns casos, tívose que proceder á súa renovación. Igualmente, a mesa de madeira presentaba caruncho en varios puntos, ocasionando a súa inutilidade, o que obrigou a súa eliminación.

Nos últimos anos leváronse a cabo pequenas reformas no salón de plenos que foron mellorando o seu aspecto cara a un perfil máis moderno e acorde aos novos tempos. O mal estado do mobiliario xunto á nova imaxe que presenta o salón de plenos pon de manifesto a necesidade de proceder á súa renovación completa, mediante a dotación de novo mobiliario, así como dun sistema de son moderno que permita a comunicación entre todos os usuarios da sala, en especial durante as sesións dos plenos.

A dotación de mobiliario resulta unha necesidade evidente para poder levar a cabo as diferentes actividades que se desenvolven na sala, como son as sesións plenarias ou calquera acto ou presentación de índole municipal.

Do mesmo xeito, dotar dun sistema de megafonía e son á sala, resulta necesario para gravar as sesións plenarias e facilitar a escoita das sesións de forma clara por parte de todos os participantes e incluso para o público que poida asistir.





Deste xeito, as actuacións previstas servirán para mellorar o equipamento do salón de plenos do edificio que na actualidade non conta cos elementos mínimos necesario para levar a cabo as sesións plenarias que se celebran de forma regular no concello de Crecente.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrència á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Crecente de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lle atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Crecente.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para o restablecemento dos servizos municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrència pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.





VI. Actuación da subvención

Unha vez exposto o estado actual do salón de plenos e a necesidade existente en relación ó mesmo, propónse unha actuación consistente na dotación de:

a) Mobiliario:

Preténdese dotar ao salón de plenos dunha nova mesa para realizar reunións e as sesións plenarias da corporación. Esta nova mesa deberá de cumprir co obxectivo de dar cabida a todos os concelleiros, así como ao Alcalde e ao persoal administrativo que deben formar parte dos plenos. A mesa contará con ocos para ocultar cableado do sistema de megafonía e para o conxestionado de aparellos eléctricos e informáticos necesarios.

Adquiriranse 3 unidades de mesa de conferencias recta panel de limobel, formada por 2 pezas de 200 cm cada unha (medidas: 400 x 80 x 75 cm) e fabricadas en taboleiro de 40 mm e canteado en PVC de 2 m en todos os seus cantos. Están formadas por unha tapa horizontal, en dúas pezas, faldón ata o chan e dous laterais.

Igualmente dotarase ao salón de dúas cadeiras de conferencias con respaldo tapizado modelo York ou similar, con respaldo alto de limobel ou similar, con brazos tapizados. A estrutura está formada por mono carcasa de madeira tapizada sobre espuma poliuretano de alta densidade. Os brazos serán tapizados, cun mecanismo basculante relax, base piramidal de aluminio puído, elevación a gas mediante columna de gas e rodas de Ø65 mm.

Para o público que asiste ás sesións celebradas no salón, adquiriranse 30 cadeiras apilables e o modelo elixirase por parte do promotor.

Para as xanelas que dan á rúa, co fin de poder escurecer a sala no caso de que sexa necesario, ou evitar a luz directa dos raios do sol, propónse instalar 4 cortinas enrolables de medidas variables con accionamento a cadea.

Po último, propónse colocar no fondo do salón de plenos o escudo do concello e o nome de "Crecente".

b) Sistema de megafonía:

Para dotar ao salón de plenos dun sistema de megafonía acorde co uso da estancia propónse equipar a sala cun servidor para o sistema de conferencias inalámbrico modelo OPTIMUS G30000S ou similar. Dotarase dun punto de acceso inalámbrico con cobertura de ata 30 metros. Tamén se adquirirán unha unidade de conferencias para o presidente e outra para o delegado. Para dotar ao sistema de autonomía, inclúese un equipo de recarga de baterías.

O orzamento total da actuación é de 30.000 € (IVE incluído).



VII. Importe e aplicación orzamentaria.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 30.000,00 € (IVE incluído).

VIII. Memoria económica.

Para os efectos do requirido na Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gastos e ás comprobacións a realizar no marco de control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 30.000,00 €, tal e como desglosa nos seguintes cadros:

a) Resumo orzamento total

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
01	MOBILIARIO DO CONCELLO	9.930,30	40,05
02	INTEGRACIÓN SISTEMA DE MEGAFONÍA.....	14.863,09	59,95
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL		24.793,39	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (IVA EXCLUIDO)		24.793,39	
21,00% I.V.A.....		5.206,61	
TOTAL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (IVA INCLUIDO))		30.000,00	
TOTAL PRESUPUESTO PARA CONOCIMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN		30.000,00	

Asciende el presupuesto general a la expresada cantidad de TREINTA MIL EUROS





b) Orzamento mobiliario detallado

CÓDIGO	RESUMEN	CANTIDAD	PRECIO	IMPORTE
CAPÍTULO 01 MOBILIARIO DO CONCELLO				
01.01	ud MESA DE CONFERENCIAS 400X80X75 CM Mesa de conferencias recta pannel de limobel, formada por 2 piezas de 200 cm cada una (medidas: 400 x 80 x 75 cm), melamina a elegir. Fabricadas en tablero de 40 mm y canteado en PVC de 2 m mentados sus cantos. Están formadas por una tapa horizontal, en dos piezas, faldón hasta el suelo y dos laterales.	3,00	862,71	2.588,13
01.02	ud SILLÓN DE CONFERENCIAS CON RESPALDO TAPIZADO Sillón de dirección modelo York respaldo alto de limobel, con brazos tapizados. Tapizado Integral en la tela a elegir del grupo 2 del muestrado delimobel. Colores disponibles; Caviar, Cerezo, Blanco y Nogal 17. Estructura formada por monocarcasadema de ra tapizada sobre espuma poliuretano de alta densidad. Brazos tapizados, mecanismo basculante relax, bas e piramida lde la lumino pulido, elevación a gas mediante columna de gas y ruedas de ø65 mm	2,00	470,00	940,00
01.03	ud CORTINA ENROLLABLE 110X300 CM Cortina enrollable de Ancho 110 cm X Alto 300 cm con accionamiento a cadena con sistema premium plus y con Tejido polyscreen® 550 white PPLUS I.	2,00	285,00	570,00
01.04	ud CORTINA ENROLLABLE 120X150 CM Cortina enrollable de Ancho 120 cm X Alto 150 cm con accionamiento a cadena con sistema premium plus y con Tejido polyscreen® 550 white PPLUS I.	2,00	191,00	382,00
01.05	ud SILLAS APILABLES ud de suministro de mobiliario de sillas apilables	30,00	112,00	3.360,00
01.06	ud ESCUDO Y LETRAS CONCELLO Ud de suministro y colocación de imagen corporativa del Concello, con escudo y letras para salón de plenos.	1,00	2.090,17	2.090,17
TOTAL CAPÍTULO 01 MOBILIARIO DO CONCELLO.....				9.930,30





c) Orzamento sistema megafonía detallado

CÓDIGO	RESUMEN	CANTIDAD	PRECIO	IMPORTE
CAPÍTULO 02 INTEGRACIÓN SISTEMA DE MEGAFONÍA				
02.01	ud SERVIDOR SISTEMA DE CONFERENCIAS RF Servidor del sistema de conferencias inalámbrico, con transmisión por radiofrecuencia (RF) y tecnología propia FSFHSS, que supervisa y selecciona a la mejor banda de frecuencias para asegurarla estabilidad de la comunicación. Permite el control de hasta 500 unidades de conferencias. Dimensiones 340mm x 420mm x 45 mm (1 u rack). Modelo OPTIMUS ref. G30000S.	1,00	4.879,51	4.879,51
02.02	ud PUNTO DE ACCESO INALÁMBRICO COBERTURA 30m. Punto de acceso inalámbrico para las unidades de presidente y delegados del sistema de conferencias inalámbrico por radiofrecuencia. Alcance aproximado de 30 m. Alimentación PoE desde el servidor o a 24V C.C. Instalación en techo (accesorio incluido) o en tripe de opción GX-315. Existe la posibilidad de conectar una segunda unidad en cascada para ampliar el alcance y/o aumentar la cantidad de unidades de conferencias activas simultáneamente. Modelo OPTIMUS WAP-30C.	1,00	1.867,50	1.867,50
02.03	ud UNIDAD DE CONFERENCIAS PRESIDENTE	1,00	1.535,75	1.535,75
02.04	ud UNIDAD DE CONFERENCIAS DELEGADO C/MICRO	3,00	1.444,06	4.332,18
02.05	ud MALETA DE RECARGA 16 BATERÍAS Cargador para las baterías de las unidades de delegado y de presidente del sistema de conferencias por radiofrecuencia. Con capacidad para cargar simultáneamente hasta 16 baterías en 3,5 horas. Circuitos de carga independientes que funcionan sólo si hay batería insertada. Protección contra corto circuito e inversión de polaridad. Indicadores de carga en proceso y de carga finalizada. Modelo OPTIMUS ref. CHG-16.	1,00	2.248,15	2.248,15
TOTAL CAPÍTULO 02 INTEGRACIÓN SISTEMA DE MEGAFONÍA.....				14.863,09
TOTAL.....				24.793,39

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal e non se trata de gastos recorrentes, polo que non procede a inclusión dos cadros "1.2. Detalle cadre persoal", "Anexo II – modelo cadre orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes".

Por último, para dar cumprimento ao requirimento do apartado f) da Instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Porcentaxe
A Coruña	30 %
Lugo	20 %
Ourense	20 %
Pontevedra	30 %





IX. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E5, "Gobernanza".
- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión".
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3	4
INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	5-PEG	14,33	0

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

P.S. (art. 8.1.a) Decreto 117/2022, do 23 de xuño)

A vicesecretaria xeral

Ángeles Vidal Ruiz

